ENTIDADE: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS	LIQUIDACIÓN 2018		LIQUIDA 2019 ORZ PRORROG	
	PARCIALES	TOTALES	PARCIALES	TOTALES
APLICACIÓN DE LA REGLA DE GASTO Y EL LÍMITE DE GASTO NO FINANCIERO				
1. Gastos de personal	4.342.650,13		4.470.000,00	
2. Compras corrientes de bienes y servicios	6.293.467,68		6.350.000,00	
3. Gastos financieros	7.491,64		2.193,35	
4. Transferencias corrientes	969.462,09		760.000,00	
6. Inversiones reales	1.870.529,19		1.575.000,00	
7. Transferencias de capital	45.150,31		218.949,31	
SUBTOTAL:	13.528.751,04		13.376.142,66	
I- GASTO NO FINANCIERO PRESUPUESTO:		13.528.751,04		13.376.142,66
MENOS:				
Intereses de la deuda	7.491,64		2.193,35	
Enajenación de Terrenos y demas inversiones reales	2.137,50			
Gastos financiados con subvenciones finalistas (ingresos finalistas cap 4 y 7) (*)	1.927.944,72		1.382.288,93	
Consolidación de transferencias	273.800,00		280.568,55	
Obligaciones mecanismo 4/2012				
Inexecución				
	2.211.373,86		1.665.050,88	



SECRETARIA

			3	
II- GASTO COMPUTABLE (art. 12.2 LOEPSF):		11.317,37 7,18		11.711.091,8 3
<i>Ajustes SEC95 que inciden en gastos*</i>	2.530,67		0,00	
<i>Operaciones de arrendamiento financiero (leasing)</i>	-24.888,99			
<i>Investimentos financeiramento sostibles</i>	-193.311,09		-771.482,23	
<i>Otros ajustes de gastos</i>				
SUBTOTAL:	-215.669,41		-771.482,23	
III- GASTO COMPUTABLE AJUSTADO:		11.101,70 7,77		10.939.609,6 0
<i>Tasa de referencia del crecimiento del PIB (art.12.3 LOEPSF):</i>	2,7%			
IV- LÍMITE DE GASTO COMPUTABLE INICIAL:		11.401,45 3,88		10.939.609,6 0

Cumple pois o límite da regra de gasto: $11.401.453,88 - 10.939.609,60 = 461.844,28$

ENTIDADE: DROGODEPENDENCIAS	LIQUIDACIÓN 2018		LIQUIDA 2019 ORZ PRORROG	
	PARCIALES	TOTALES	PARCIALES	TOTALES
<i>1. Gastos de personal</i>	255.030,37		260.768,55	
<i>2. Compras corrientes de bienes y servicios</i>	18.356,15		19.800,00	
<i>3. Gastos financieros</i>				
<i>4. Transferencias corrientes</i>				
<i>6. Inversiones reales</i>				
<i>7. Transferencias de capital</i>				
SUBTOTAL:	273.386,52		280.568,55	
I- GASTO NO FINANCIERO PRESUPUESTO		273.386,52		280.568,55
MENOS:				
<i>Intereses de la deuda</i>				

<i>Enajenación de Terrenos y demas inversiones reales</i>				
<i>Gastos financiados con subvenciones finalistas (ingresos finalistas cap 4 y 7) (*)</i>				
<i>Consolidación de transferencias</i>				
<i>Inejecución</i>				
<i>Obligaciones mecanismo 4/2012</i>				
<i>SUBTOTAL:</i>	0,00		0,00	
II- GASTO COMPUTABLE (art. 12.2 LOEPSF):		273.386,52		280.568,55
<i>Ajustes SEC95 que inciden en gastos*</i>	-146,64			
<i>Operaciones de arrendamiento financiero (leasing)</i>				
<i>Aportaciones de capital a SSMM para amortizar pérdidas</i>				
<i>Otros ajustes de gastos</i>				
<i>SUBTOTAL:</i>	-146,64		0,00	
III- GASTO COMPUTABLE AJUSTADO:		273.239,88		280.568,55
<i>Tasa de referencia del crecimiento del PIB (art.12.3 LOEPSF):</i>	2,7%			
IV- LÍMITE DE GASTO COMPUTABLE INICIAL:		280.617,36		280.568,55

Cumpre pois o límite da regra de gasto: $280.617,36 - 280.568,55 = 48,80$

Cos datos definitivos a execución consolidada do orzamento cumpriría o obxectivo da regra de gasto e demais regras fiscais.

2.- Intentar aplicar ó máximo ó principio de anualidade orzamentaria, de xeito tal que se intentará que todos os gastos correspondentes ó exercicio sexan executados integramente durante o mesmo.

3.- Manter o período medio de pago (PMP) por debaixo do límite legal de 30 días, tentando manter o calculado segundo o Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, como xa se está a facer na actualidade

4.- Xestionar o orzamento do exercicio 2019 coa máxima atención ó cumprimento da estabilidade e da regra de gasto.

5.- Aprobado o Orzamento do exercicio 2020 cumprindo o obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto.

Respecto do contido adicional que a Lei 27/2013 vén a fixar para o plan económico financeiro, considera esta Alcaldía que merecen das seguintes apreciacións:

- Non se considera necesario suprimir competencias distintas das propias e das exercidas por delegación, por canto que se trata de manter un nivel de orzamento e de execución similar ó que ven sucedendo en exercicios anteriores, nos que se orzamentaba con prudencia e a única distorsión que se produce é a derivada da realización de gastos por encima dos créditos orzamentados nunha contía superior a existente no exercicio inmediatamente anterior (situación que, por outra parte debe ser corrixida).
- En canto á xestión integrada e coordinada dos servizos obrigatorios que presta o Concello para reducir custes, tratarase de cumprir tendo en conta as actuacións que a Deputación Provincial poida realizar en canto a contratación dun estudo sobre os custos dos servizos obrigatorios que prestan os concellos a fin de que determine cal é a mellor forma de prestar os mesmos, dando así cumprimento ó disposto no artigo 26 da LBRL como consecuencia da modificación introducida pola Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios que presta o concello. De momento non se considera necesario aplicar esta medida por canto que basicamente o que se vai pretender é reducir o gasto no exercicio 2019 e que sexa esta contención do gasto a que permita recuperar a situación de equilibrio. No caso de que á hora de elaborar o orzamento do exercicio 2020 se observe que as previsións de ingreso non se están a cumprir ou que por algún motivo excepcional hai que gastar máis do previsto, tratarán de tomarse medidas entón de cara a aumentar ingresos naqueles conceptos en que así sexa posible.
- Racionalización organizativa. Non se considera necesario modificar este aspecto na situación actual.
- Supresión de entidades de ámbito territorial inferior ó municipio que, no exercicio inmediato anterior, incumpran co obxectivo de estabilidade

orxamentaria ou co obxectivo de débeda pública ou que o período medio de pago a provedores supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade. É o que sucede con respecto ó IMD, que xa debería ter sido liquidado, pero que está pendente de negociación co SERGAS para o traspaso de persoal e competencias a ese organismo.

- *Unha proposta de fusión cun municipio colindante da mesma provincia. Considérase que tampouco se trata dunha medida necesaria por canto que tal e como se ven demostrando este Concello, a pesares do seu orzamento limitado, ten capacidade suficiente para seguir prestando os servizos básicos que presta aos seus veciños sen ser necesario fusionarse con outros.*

7. CONCLUSIÓNS

Visto o anterior, conclúese:

Primeiro.- Analizada a situación económica da Corporación derivada da liquidación do orzamento de 2018, podemos afirmar que as magnitudes orxamentarias son positivas. É dicir, o Resultado orxamentario é positivo, ó igual que o Remanente de Tesourería para gastos xerais. Cumprimos co aforro neto positivo e o ratio de capital vivo a 31/12/2018 está moi por debaixo do límite que marca a normativa vixente. Asimesmo cúmprese co obxectivo de estabilidade orxamentaria entendida como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiación dacordo coa definición contida no SEC 95. Non cumpre, sen embargo co nivel de gasto computable para a regra de gasto.

Como consecuencia do anterior, e dando cumprimento ó previsto no artigo 21 da LOEPSF, esta Alcaldía formula o presente plan económico financeiro para a súa aprobación polo Pleno do Concello.

Considérase que unha vez aplicadas as medidas contidas no presente plan, o Concello de Monforte cumprirá co obxectivo de estabilidade orxamentaria e da regra do gasto ó final dos exercicios 2019 e 2020, con ocasión da aprobación da liquidación dos orzamentos correspondentes a eses exercicios. Manteríase, como vén sendo ata o momento, unha situación de equilibrio ou de superávit en termos de contabilidade nacional e un volume de débeda viva que será inferior ó legalmente previsto como límite.

Segundo.- Aplicar a publicidade establecida legalmente para os Orzamentos da entidade, dar traslado a Comisión Nacional de Administración Local e a Xunta de Galicia, e demais trámites de aplicación.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

Toma a palabra D^a Pilar López solicitando á Alcaldía que considera que podería deixarse riba da mesa para que sexa a nova Corporación a que vote o que considere oportuno votar.

Toma a palabra D^a Julia Rodríguez manifestando que hai unha incidencia na regra do gasto, porque se gastou por riba do que se podía, polo tanto ten que aprobar un plan económico financeiro, no que se prantexa reducir o gasto no 2019. Fala de que lle gustaría en todo caso, que os técnicos aclaren se hai algunha incidencia de que se deixe riba da mesa a proposta formulada pola voceira dos concelleiros/as non adscritos, se houbera algunha incidencia estaría de acordo en que se votaría neste momento.

D. Emilio Rodríguez manifesta o seu apoio ao que se está a falar crendo que é razoable.

Toma a palabra o Sr. Alcalde preguntando á Sra. Interventora se é posible en temas de prazos deixando riba da mesa, manifestando que segundo o que di a Lei non se pode deixar riba da mesa.

Toma a palabra a Sr. Interventora manifestando que a lei prevé que o Plan tense que presentar ao pleno no prazo dun mes dende que se constatou o incumprimento da regra de gasto. Debe ser aprobado polo pleno no máximo de dous meses dende a súa presentación, e a posta en marcha do Plan no poderá exceder de tres meses. Das medidas que pode tomar a consellería nin o ministerio ningunha se levou a cabo noutro expediente anterior. A lei di que é un mes, dous para aprobalo e tres para poñer en marcha.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que non se trouxo ao pleno antes porque foi antes de que rematara o mes de febreiro.

Toma a palabra o Sr. Secretario manifestando que como ben dixo a Sra. Interventora a lei establece o cumprimento duns determinados prazos, o deixalo riba da mesa supón o incumprimento dos prazos, nos anteriores non se cumpriron. Como consecuencia o prazo a día de hoxe xa está incumplido. O feito de demorar dous meses non tería consecuencias distintas para o Concello, estamos tan fora de prazo hoxe como dentro dun mes.

Toma a palabra D^a Pilar López manifestando que se estamos fóra de prazo que máis da un mes máis.

Sométese a votación a proposta formulada pola voceira do grupo municipal das non adscritas, D^a Pilar López, de deixar riba da mesa a proposta presentada, aprobándose por maioría con dez votos a favor (concelleiros do PP, concelleiros/as non adscritos, e BNG) e seis abstencións do grupo municipal do PSOE.

5. DECLARACION INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS CO MOTIVO DOS 40 ANOS DA DEMOCRACIA LOCAL

O ditame é favorable á proposta, por unanimidade dos membros asistentes á comisión.

Transcríbese a declaración:

“Recibido escrito da FEMP para que este Concello aprobe no seu caso unha DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CO MOTIVO DOS 40 ANOS DE DEMOCRACIA LOCAL proponse que pola Comisión informativa se dictamine e polo Pleno se adopte o seguinte ACORDO:

Aprobar a declaración institucional dos 40 anos de democracia local”.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

Toma a palabra D^a Pilar López felicitando á familia socialista polos resultados de onte. Quere engadir como decía Cunqueiro para a lingua galega, ogallá dure mil primaveras máis.

Toma a palabra D^a Julia Rodríguez felicitando ao grupo socialista polos resultados de onte. Apoia esta declaración, porque entende que o período no que o noso país tivo maior desenvolvemento e mellor estado de benestar, moitos anos máis de democracia e benestar para todos.

Toma a palabra D. Emilio Rodríguez amosando o seu apoio a esta declaración. Manifesta que é necesario lembrar o que os nosos ancestros padeceron, que hai que celebralo. Incidir en que aparte de celebrar debemos de traballar no día a día para que esa democracia, neste caso municipalista, que sirva e que dure, levala a cabo en tódolos seus ámbitos que moitas veces non se aplica con demasiado rigor.

Toma a palabra o Sr. Alcalde agradecendo a felicitación e a intervención da democracia é a maior etapa de prosperidade e liberdade de España.

A proposta queda aprobada por unanimidade.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

6. INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de 01.04.2019, 08.04.2019, 17.04.2019 e 24.04.2019) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

7. DACIÓN DE CONTA PLAN ORZAMENTARIO 2020-2022

De acordo co previsto no art.6 da Orde HAP/2105/2012, dáse conta ao Pleno dos marcos orzamentarios para os exercicios 2020, 2021 e 2022 cuxo detalle está

reflectido na Resolución da Alcaldía do 15 de marzo de 2019, que os aproba. Foron regulamentariamente remitidos ao MINHAP.

8. .ROGOS E PREGUNTAS.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que ten pensado dar a palabra aos voceiros por se queren dicir algo sendo o último pleno ordinario da Corporación.

Toma a palabra D. Emilio Rodríguez manifesta un rogo “in voce” sobre a rúa Irmáns Dapena relativo a problemas de aparcamento. Fala dos problemas de aparcamento a carón da zona do hospital, solicita se fale co xefe de obra.

Contesta o Sr. Alcalde que se lle dará traslado á empresa para que se fagan as menos molestias ós veciños

Toma a palabra D^a Pilar López manifestando que vai ler unha carta:

Hoxe poño fin a unha etapa da miña vida dedicada á responsabilidade política institucional, en que tratei de resolver problemas e mellorar a vida da cidadanía monfortina.

Remata, pois, un ciclo de traballo e esforzo, de moitas compañeiras e compañeiros que, desde o ano 2003, entregaron o seu tempo a facer de Monforte unha cidade mellor.

Quen sabe se a fin deste ciclo é, ou será, o inicio de algo novo; iso o tempo o dirá, o que si é certo é que a miña vocación de cidadá comprometida coa democracia, cos Dereitos Humanos, co ben común e coa mellora da calidade de vida das persoas seguirá acompañando o meu camiñar e, polo tanto, o meu compromiso coa *res publica*, seguirá, aínda que desde unha outra posición distinta.

Por ser este o último pleno ordinario da corporación municipal do mandato 2015-2019, quero comezar esta despedida dando as grazas.

Agradézolle e agradecemoslle, en primeiro lugar, ás 2.890 persoas que, nas últimas eleccións municipais de 2015, depositaron en nós a súa confianza.

En segundo lugar, quero agradecerlle ao persoal do concello a súa paciencia, o seu cariño e a súa profesionalidade, porque de todas esas persoas, aínda que dalgunhas máis cá doutras, sei que levo o seu respecto, a súa admiración e o seu afecto.

Tamén lle agradezo e agradecemos a todas as persoas de boa fe, a todas as que realmente estaban comprometidas co futuro de Monforte, alén da súa posición partidista, das diferentes corporacións das que fixen e fixemos parte, que foron moitas e que sempre terán a miña man tendida.

Por último, tamén quero agradecer aos medios de comunicación o seu tempo, a súa dedicación e, na maioría dos casos, a súa profesionalidade. Permitíndeme que faga, neste momento, unha mención especial e brinde o meu máis sincero recoñecemento ao Toño Parga e Ana Rodil que hoxe deberan estar aquí, facendo o seu traballo de fotógrafo e redactora; sen xente como Toño e Ana non hai xornalismo e, sen xornalismo, non hai democracia, como ben sabemos.

Nestes tempos tan complexos, de *cloacas*, de precariedade e de mentiras, precisamos os ollos de Parga nos lugares onde acontece o máis importante, que é para nós o próximo, e imprescindible que alguén o plasme nunha imaxe tan ben como o facía o Parga. Quero reivindicar o oficio do xornalismo de proximidade, ese que non levará un premio Pulitzer, pero que para a maioría da xente é mais necesario do que as grandes cabeceiras.

Lamentablemente, e por iso digo na maioría dos casos, sempre hai quen non está á altura do oficio, por diversas razóns, todas ilexítimas; neste caso debo mencionar a Radio Principal Cadena Ser, que non soubo estar á altura das circunstancias. O feito de que cando decidimos saír do BNG -o 15 de xuño de 2017- vetase a miña presenza no programa dedicado á oposición e, en consecuencia, lle negase á audiencia a posibilidade de escoitar o noso punto de vista que, ben é certo, en moitas ocasións, era contrario ao do Sr. Tomé deixa, ao meu modo de ver, en moi mal lugar a este medio que, algún día, foi outra cousa, mais do que hoxe, só queda isto. Quizais, esta posición firme perante as posicións da alcaldía puido ser o detonante da censura que sufrín, e sufrimos, estas tres concelleiras, máis un concelleiro, por parte da Cadena Principal Cadena Ser Monforte; ou talvez a inclinación socialista do propietario da empresa tivo algo que ver para tentar amordazar a quen cuestionaba, de forma lexítima, a actividade do seu correlixionario, talvez fora outro o motivo, mais o certo é que a sombra da censura se proxectou sobre estas representantes da cidadanía. E que conste que nós sempre lle enviamos todos e cada un dos comunicados de prensa que lles enviabamos ao resto dos medios.

Ao meu humilde entender, un medio de comunicación non deba antepoñer intereses extraxornalísticos, que comprometen a súa credibilidade e os valores deontolóxicos e democráticos e que deixa á súa audiencia falta de información.

Seguindo co segundo punto desta despedida quero facer un breve resumo da tarefa política:

Destes oito anos da miña vida dedicados á política municipal monfortina levo moitas compañeiras e compañeiros, grandes consellos e extraordinarias aprendizaxes e, neste punto, quero agradecerlle publicamente a Severino Rodríguez, anterior alcalde, todo o que aprendín ao seu lado.

Se facemos un repaso por todos estes anos en que tivemos responsabilidades de goberno, é dicir, desde o 2003, podemos resumilos en dúas frases:

Abrimos o concello á xente e abrimos a cidade ao río.

Digo que abrimos o concello á xente porque, entre outras cousas, designamos democraticamente pedáneos nas parroquias, permitimos que a cidadanía participase da vida política municipal e establecemos unha atención permanente á nosa veciñanza.

E abrimos a cidade ao río coa iniciativa, en colaboración coa veciñanza, do adecentamento das traseiras dos edificios que daban ao río; fomos quen de reunir os apoios necesarios de todas as administracións e de todas as cores políticas para levar adiante o Paseo do Río desde Piñeira até o Multiusos; en definitiva, dignificamos un dos valores máis importantes da cidade.

Tamén tratamos de facer unha cidade máis habitable, máis humanizada, demos un paso na restauración do casco histórico, un impulso á hoxe consolidada e exitosa Feira Medieval, a Xudería, etc.

Ademais de todos estes e outros acertos, estou segura de que tamén cometemos algúns erros, pero desde a humildade tamén sabemos pedir desculpas por aquelas cousas que, con toda a boa intención, se fixeron perseguindo un obxectivo que, ao final, non se cumpriu ou resultou errado.

En todo caso, o noso proceder sempre estivo inspirado pola vocación de diálogo, co fin de alcanzar os máis amplos acordos e para tomar as decisións máis axeitadas en cada momento, e, por suposto, na defensa dos intereses da nosa cidade e sirva de proba a nosa marcha do BNG por defender os intereses de Monforte.

Como terceiro punto da miña despedida quero manifestar que tamén marchou e marchamos con moitos sinsabores. Consideramos que a nosa cidade merece ter unha alcaldesa ou alcalde que se preocupe por algo máis que por asfaltar camiños, rúas e avenidas. Asfaltar tamén é preciso, pero non pode ser o único obxectivo, porque iso baleira de contido un goberno; para iso chega cun equipo técnico de enxeñaría –que, ademais, seguro que dispón de máis información-; e, con seguridade, non estarían os camiños igual ca antes ou inzados de vexetación aos dous meses de seren alcatranados.

Non, gobernar unha cidade é máis do que iso; é diálogo, é xenerosidade, é, en definitiva, procurar o ben común e un futuro para que a xente non teña que emigrar e poda ficar a vivir no lugar máis bonito do mundo, Monforte.

A nosa cidade merece ter unha alcaldesa ou alcalde que se preocupe por arranxar os verdadeiros problemas da cidadanía, que os trate por igual, independentemente de a quen lle vote, que se preocupe pola perda de poboación que, ano tras ano, estamos padecendo en Monforte, que promova iniciativas de xeración de emprego, que se preocupe polo saneamento nas parroquias, que sexa dialogante, negociador e teña respecto polo traballo e o esforzo do resto da corporación municipal, que teña ideas propias e non se aproveite das aportadas polos demais, porque só así será posible ver un Monforte con futuro e non ancorado *nesta imaxe pesimista e desoladora que se observa*.

Lamento, profundamente, o ton prepotente, arrogante, falto de respecto cara ás voceiras mulleres desta corporación municipal e, por veces, ditatorial, que sufrimos ao longo destes últimos catro anos.

Lamento, profundamente, que o actual alcalde vaia pasar á historia da nosa cidade por ser o alcalde que acumula, en só catro anos, dúas mocións de confianza, por certo, a primeira delas, aos seis meses de chegar ao goberno; acumula tamén dous plans económico-financeiros por non cumprir a regra de gasto. Ten no seu haber unha reprobación, o peor dos intentos de chegar a un pésimo acordo con “Aqualia”, que antepuña os intereses dunha empresa aos da veciñanza, un alcalde que, en catro anos, non foi quen de regular o Mercado dominical do Parque dos Condes nin o Mercado da Feira, nin renovou os contratos de servizos, agás os da limpeza dos edificios, e non todos, que nada fixo por levar adiante a RPT e, por suposto, tampouco tocaba meterse co Plan Xeral. E todo isto a pesar de todo canto dixo cando facía parte da oposición.

Para concluír deséxovos, a todas e a todos vós, moita sorte, a quen permanece na vida institucional, mais tamén a quen marcha, por uns ou outros motivos, en todo caso, co

convencemento de que é o mellor que podemos facer neste momento, porque política seguiremos facendo desde o posto que cadaquén ocupe a partir de agora.

Desexo un futuro cheo de vida, que a próxima corporación o saiba facer mellor do que esta, que entre toda a cidadanía Monfortina saibamos encontrar as solucións para os problemas presentes e futuros. Estou convencida de que así será porque esta cidade ten moita potencia e hai talento abondo na cidadanía para conseguir todo o que se propoña.

Permitídemme que remate esta etapa co poema de José Ángel Valente,

NO INÚTILMENTE:

*Contemplo yo a mi vez la diferencia
entre el hombre y su sueño de más vida,
la solidez gremial de la injusticia,
la candidez azul de las palabras.
No hemos llegado lejos, pues con razón me dices
que no son suficientes las palabras
para hacernos más libres.
Te respondo
que todavía no sabemos
hasta cuándo o hasta dónde
puede llegar una palabra,
quién la recogerá ni de qué boca
con suficiente fe
para darle su forma verdadera.
Haber llevado el fuego un solo instante
razón nos da de la esperanza.
Pues más allá de nuestro sueño
las palabras, que no nos pertenecen,
se asocian como nubes
que un día el viento precipita*

sobre la tierra

para cambiar, no inútilmente, el mundo.

Moita sorte e moita saúde para todas e todos.

Toma a palabra D^a Julia Rodríguez felicitando a D^a Pilar pola súa intervención e polos seus vos desexos para a toda a Corporación.

Di que lle gustaría recordar o pasado 13 de xuño do 2011, no que tomaba posesión como concelleira neste mesmo sitio, naquel momento lia unhas verbas dun poeta, Gómez Manrique, que estaban grabadas na Casa Consistorial de Toledo que din:

“Nobles discretos varones, /que gobernáis a Toledo/ en aquestos escalones / desechad las aficiones, /codicias, amor y miedo./ Por los comunes provechos/ dejad los particulares, /pues vos hizo Dios pilares/ de tan riquísimos techos, /estad firmes, y derechos”.

Estes versos considéranse como o decálogo do bo rexidor. Aproveita para trasladarlle o que se podía traducir destes versos. Falábase de ser noble, co obxectivo de ser claro de non actuar por interese propio ou persoal e sobre todo falábase de manterse con firmeza na defensa dos intereses dos veciños/as.

Isto trata de servir e non de servirse. Fala de agradecementos, di que hai moitas persoas no Pleno, agradece a todas as persoas que están presentes no pleno e que ao longo destes 8 anos, estiveron respaldando, quere ter un recoñecemento para esas persoas que estiveron ata altas horas da madrugada. Quere agradecer aos votantes do Partido Popular, foron quén de depositar a confianza en momentos difíciles, a todas as persoas anónimas que non participan pero co seu voto fixeron posible darnos a oportunidade de representar aos nosos veciños. Di que todas as persoas deberían ter a oportunidade de ser concelleiros para ser conscientes que se xestionen axeitadamente os intereses de todos. Agradecer as persoas que ao longo deste anos se puxeron a súa disposición que colaboraron dunha forma ou outra, pedáneos, membros das asociacións culturais, deportivas, o traballo dos técnicos e do persoal municipal, amosando a súa actividade cooperadora. Aos medios de comunicación a calquera persoas que ao longo destes anos prestaron a súa colaboración, di que foi un honor representar aos veciños, lamenta calquera erro que se puidera ter cometido. As valoracións subxectivas dependen do modo de que cada un entenda a política. Di que na súa opinión é servir para dar resposta ás necesidades da xente, é estar a disposición así o entende, así o entendeu e así o exerceu. En particular, as propostas o traballo ao longo deste anos, da as grazas a

Pleno Ordinario 29.04.2019

tódolos concelleiros que a acompañaron con lealdade que realizar tarefas ante o seu traballo. É evidente que a situación de quén goberna non é mesma que a da oposición. Un alcalde ten oportunidade de desenvolver ideas, crear tendencias, materializar esas ideas, tamén a oportunidade de escoitar, de priorizar o ben da cidade e os seus veciños. Di que moito se pode facer dende un concello. Non só se trata de botar asfalto, hai que mellorar as condicións inmediatas de vida dos nosos veciños, aí que ir máis aló, hai que pensar no futuro. Cre que na información esta a posibilidade de valorar de xestionar ben os seus intereses. Tan importante é ter un bo alcalde como ter unha boa oposición, que é quén ten a tarefa de fiscalizar a labor do alcalde. Fala dos momentos da xestión do contrato de Aqualia, de ter un parque acuático, que seguramente cambiaría o curso da nosa economía, como iso, falaron que non era normal que as emprsas de emonforte de estable ceran fóra, críticas acreditadas con documentación, que comprobaba que era certo o que se estaba a dicir. Fala de que fixeron moitas propostas, que ían dirixidas a conseguir unha mellor xestión do contrato de Aqualia, tamén no que correspondía á propia xestión, na calidade do abastecemento, demandaron a posta en valor da muralla, da praia fluvial, favorecer ás empresas monfortinas, acondicionar o camiño de inverno que vai ser determinante para o futuro da nosa cidade. Fala dos concelleiros da oposición, que apoiaron en determinados momentos. Estamos ante unha nova etapa e, no próximo mandato haberá unha nova Corporación, un novo alcalde ou alcaldesa, Dirixíse ao Sr. Alcalde, dicindo que vostede exerceu a oposición nesta Corporación durante 4 anos, tivo a oportunidade de formar goberno con D. Severino Rodríguez, os anos pasan para a cidade, pasan para todos, non atopo máis aló de Pacadar unha actuación de informar e destacar, e estaban pasando moitas cousas, sin que vostede dixera nada. Tal vez vostede non o facía se vía na situación de ten que acadar un acordo co equipo de goberno do BNG, os intereses da cidade o obrigaban a facer estas cousas. Fala do contrato de Aqualia, di que é unha actuación verdadeiramente grave. No próximo mandato van acontecer cousas importantes como o Plan Especial que está riba da mesma, sen que se dera traslado a este grupo despois de pedilo, está riba da mesa A-76, vostede ven de propoñer que se vaia comunicar con Ourense a autovía por Chantada, parécelle que fai oídos sordos non se recolle no Plan Director o By-pass. Son moitas as cousas que están riba da mesa para o próximo mandato. Espera que a actitude do próximo alcalde exa de consenso e de entendemento. Dexéxalle o mellor a quén asuma a responsabilidade de goberno e de oposición que o que fagan sexa, servir e non servirse e poñerse a disposición na defensa dos interesese comúns, manterse firmes e dereitos.

Toma a palabra D. Emilio Rodriguez dicindo que el non era un político soamente que ía participar en política. Pide disculpas pola falta de rodaxe. Fala que hai catro anos entraba como membro dun grupo municipal, tomando parte ao final como voceiro do BNG, agradece a tódalas persoas que colaboraron con el, agradecer o trato ao persoal do Concello, aos membros da oposición, os medios de comunicación, en definitiva a tódalas persoas que axudaron, fala de que é algo enriquecedor. Di que vai presentarse nunha candidatura, quedan moitas cousas pendentes, contratos prorrogados, iniciativas que foron aprobadas neste pleno, Aqualia, etc. Fala dos orzamentos prorrogados, en definitiva traballo que se foi facendo e falla moito por facer, se precisa unha cidade moderna, que pasa polo Plan Xeral, uns servizos públicos de calidade. Esas gañas de traballar danlle a forza suficiente para intentar formar parte da nova Corporación e traballar polos monfortinos/as.

Di que nestes catro anos aprendeu moitísimas cousas dos compañeiros da Corporación, aprendeu porque precisábase, agradece ao público asistente asiduo, en definitiva, desexarse a tódolos membros da Corporación o mellor nas súas vidas. Desarxarlle a todos moita forza, saúde e patria.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dirixindo a D^a Julia manifestándolle que tivo unha intervención moi elegante. Di que sabe que máis aló doutras cousas tenlle un aprecio persoal.

Lamenta as reducións de plantilla dos medios de comunicación. Di que este é o último pleno ordinario deste mandato e polo tanto quere desexar o mellor a todos/as concelleiros/as na vida que emprendan cando remate o actual mandato. Agradecer aos medios de comunicación o seu traballo, en xeral, fan un gran traballo reflexando aquela labor que facemos os distintos grupos políticos. O que temos que respectar todos é o que digan os monfortinos e a partir de aí, traballar. Agradece a colaboración do persoal, nun mandato difícil, e por suposto a todo o público, concelleiros/as, ás veces un cando esta debatindo ten expresións non moi axeitadas, pide disculpas polo que se puidera haber producido. Agradece o traballo e a lealdade do equipo de goberno. Por encima dos debates e das diferencias políticas están as persoas, a todas moita sorte, saúde para todos e para todas.



CONCELLO DE
MONFORTE
DE LEMOS

SECRETARIA

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo ás nove horas e quince minutos do mesmo día, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e pr.
O Alcalde,